



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PLANS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Juana de Vega o instrumento convencional arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega para a realización de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos para a Ribeira Sacra, a Mariña Lucense e Ourense termal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

PRIMEIRO.- Que a Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

SEGUNDO.- Que no momento actual a pandemia de COVID-19 está supoñendo unha emerxencia sanitaria a nivel global e o turismo é un dos sectores económicos máis afectados. Aínda non se coñece o impacto final da crise sanitaria no turismo no noso país, e na nosa comunidade autónoma.

Os destinos turísticos, cos seus recursos, equipamentos públicos, os seus produtos asociados e os servizos prestados polas empresas, son os lugares que os turistas elixen para as súas vacacións. As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos turísticos e, en boa medida, responsables dos parámetros que inflúen na elección dos turistas. O estado de conservación do patrimonio natural e cultural dos destinos, a diversidade e funcionalidade dos seus equipamentos, a calidade dos servizos privados, a seguridade, a accesibilidade e sustentabilidade do destino, e a capacidade do xestor para interactuar co turista, entre outros, son aspectos que inflúen na elección dos lugares onde viaxar.

A crecente segmentación da demanda obriga aos xestores dos destinos a un permanente seguimento das preferencias dos consumidores e a adaptar as súas estratexias para ofrecer produtos acordes a ditas particularidades co fin de ser destinos máis competitivos.

Adicionalmente, a actual crise do sector provocada pola pandemia do coronavirus obriga a reconsiderar aspectos como a importancia de contar con programas e protocolos de seguridade e hixiene para atender correctamente e transmitir confianza aos turistas, a fiabilidade dos servizos turísticos ben prestados, o aseguramento dunha oferta turística capacitada e preparada para proporcionar sensacións e experiencias seguras, de liberdade, con normalidade e saudables.

Por todo ilo é necesario acometer actuacións sobre estes aspectos e mellorar a sustentabilidade dos modelos de desenvolvemento turístico en cooperación con outras administracións públicas e con entidades privadas.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

TERCEIRO.- Que a Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que segundo consta nos seus estatutos ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

Entre as liñas de traballo que a Fundación leva a cabo para cumprir co seu obxectivo fundacional, está a liña de paisaxe e territorio que desenvolve a través da ESCOLA GALEGA DA PAISAXE JUANA DE VEGA creada no ano 2008 como órgano interno da Fundación e sen personalidade xurídica propia. Os obxectivos da Escola Galega da Paisaxe son promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola Galega da Paisaxe fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos, así como cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo.

Dentro das actividades desenvolvidas pola Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega, destaca a súa traxectoria e especialización na organización de workshops, xornadas técnicas e encontros internacionais nos que participan destacados especialistas de nivel internacional no eido da paisaxe, o patrimonio natural e cultural. O obxectivo destas actividades é estudar diferentes ámbitos do territorio de Galicia da man dos mellores expertos mundiais nas materias obxecto de análise, para formular propostas ou xerar debate ou reflexións que contribúan á posta en valor dos recursos do noso territorio xerando oportunidades que contribúan a mellorar a calidade de vida das comunidades rurais.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

CUARTO.- Que as comunidades autónomas e a Secretaría de Estado de Turismo elaboraron o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, que aprobou a Comisión Sectorial de Turismo o día 25 de xuño e foi ratificado na Conferencia Sectorial de Turismo do 13 de xullo de 2020.

No marco deste programa a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación, en base a unha cooperación público-privada, teñen interese en colaborar para o desenvolvemento de Plans de Sustentabilidade Turística para a Ribeira Sacra, a Mariña Lucense e Ourense termal.

Esta colaboración entre as partes asinantes responde ao interese común na implantación de estratexias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora dos destinos turísticos baseados na calidade, a promoción da excelencia, a corresponsabilidade público-privada, a participación social, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a adaptación aos novos requirimentos da demanda. Tamén se poden desenvolver plans e programas que promovan a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúan á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada. Estas intervencións públicas sobre os destinos turísticos para mellorar a súa sustentabilidade e competitividade son claves para manter o atractivo dos destinos e o emprego do sector turístico.

Por este motivo, a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio, por razóns de interese público e social.

Así mesmo, dado o obxecto do presente convenio e que para a súa execución a Fundación aporta a experiencia da Escola galega da paisaxe da que carece calquera outra entidade e unha ampla rede de contactos e expertos nacionais e internacionais no eido do patrimonio cultural e paisaxístico, e pola dilatada experiencia e especialización neste ámbito, non resultando posible promover a concorrência.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO

galicia

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema



Xacobeo 2021

